



PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Na súa primeira parte analízase as asignacións financeiras da Política de Cohesión da Unión Europea para o período 2021-2027.

Recóllese así mesmo a inserción da política de cohesión europea do período 2014-2020 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2022, mediante as anualidades do FEDER, FSE e Emprego Xuvenil en relación co “Obxectivo de Investimento en Crecemento e Emprego”, así como as relacionadas co “Obxectivo de Cooperación Territorial Europea”. Coa mesma finalidade intégranse nos orzamentos de 2022 a asignación das políticas sectoriais de Desenvolvemento Rural e Marítima e de Pesca do período 2014-2020, a través das anualidades do FEADER e do FEMP, respectivamente e os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades estratéxicas de gasto poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia fixadas pola acción do goberno.

